

Desexo unirme á solicitude promovida pola **Plataforma do Feminismo Radical de Galicia** na que esta pide a actuación do **Defensor del Pueblo** como Alto Comisionado das Cortes Xerais encargado de defender os dereitos fundamentais e as liberdades públicas dos cidadáns mediante a supervisión da actividade das administracións públicas españolas.

Así pois, solicito do Defensor del Pueblo a promoción dos recursos xudiciais procedentes ante o **Tribunal Constitucional** polas que confío aprecie como claras vulneracións constitucionais contra os dereitos das mulleres cunha afectación directa ou indirecta pola acción das **diferentes administracións españolas**, así como, por parte dos lexisladores do **Parlament de Catalunya** que respaldaron unha norma manifestamente inconstitucional.

Coa miña sinatura, quero sumarme á petición de promoción dos recursos de:

- **Inconstitucionalidade contra a Lei 17/2020, de 22 de decembro, de modificación da Lei 5/2008, do dereito das mulleres a erradicar a violencia machista, aprobada polo Parlament de Catalunya**
- **Amparo contra a introdución da ideoloxía de identidades de xénero nos protocolos educativos**
- **Amparo contra a inacción das autoridade fronte ao negocio ilícito da xestación subrogada en España**
- **Amparo fronte á vulneración do dereito á libre expresión das feministas radicais e contra o acoso e ameazas recibidos nas redes sociais**
- **Amparo contra o uso normalizador dun termo que evoca unha práctica ilegal segundo o noso ordenamento no formulario de solicitude de prestación de maternidade-paternidade dispoñible na web oficial da Seguridade Social, no que inclúen como opción de acceso ao dereito a “xestación por substitución”**

NOMBRE E APELIDOS:

DNI/ NIE:

Email:

En _____, a _____, de _____, de 2021

Sinatura: